

# Dous pioneiros en Washington, D.C. Historia dun matrimonio galego que deixou pegada na capital de Estados Unidos

Alberto AVENDAÑO<sup>1</sup>

alberto@eltiempolatino.com

[Recibido, febreiro, 2009 aceptado, febreiro, 2009]

Hoxe vive no meu corazón Adelina López de Pena (Sober, Lugo, 31 de marzo, 1905 – Washington, DC, 6 de febreiro, 2009). Foise con 103 anos longos, vividos con optimismo, retranca e orgullo. Á funeraria “De Vol” na avenida Wisconsin desta capital fun, o martes 10 de febreiro, para vela por última vez e para darlle unha aperta a súa filla, Adelina Callahan. O salón estaba abarrotado, cheo de espírito hispano e diverso. Escoitábanse risas e voces alegres en rostros serenos. Nun recuncho, exhibíanse fotos da vida de Adelina en Washington, en Cuba, en Galicia. E unha serie de artigos que, en agosto de 2004, publicara *El Tiempo Latino*: alí, na portada, víase unha foto de Adelina, daquela con 99 anos, e outra foto de seu home, Manuel Pena (A Coruña, 1898 - Washington, DC, 1957) a primeiros da década de 1930 cando estableceron a primeira tenda latina de alimentación nesta capital: “Pena Spanish Store”, na rúa 17, que sería popularmente coñecida no seus máis de 70 anos de existencia como “Casa Pena”.

Unha mestura de sorpresa e emoción embargoume daquela ó encontrarme cunha historia de vida, de emigrantes galegos que un día, coma min hoxe, se enraizaron nesta área metropolitana. Adelina e Manuel, os Pena, foron dous auténticos pioneiros do que hoxe é unha puxante realidade latina que fala español nos negocios, nos medios de comunicación, na vida, co orgullo e a normalidade do estadounidense.

En 2005, cando cumpríu 100 anos, visitei a Adelina na súa casa. Aínda lle gustaba o polbo á galega, aínda tomaba unha copíña de augardente de cando en vez e lembraba a súa viaxe en barco desde Vigo á Habana e, logo, a súa chegada a Washington como asistente dunha familia esta-

dounidense. Aquí coñecería a Manuel e ambos os dous farían historia.

Adelina chegara á capital nos anos 20. Manuel emigrara aos Estados Unidos poucos anos antes, despois da Primeira Guerra Mundial, e prestou servizo no Exército dos Estados Unidos durante o seu primeiro ano. Para saír adiante asistiu á escola de noite e polo día traballou para personaxes como a actriz Ethel Barrymore e o presidente Theodore Roosevelt, segundo se le na nota necrolóxica que publicou o *Diario de Las Américas* en decembro de 1957. En 1944, e por espazo de cinco anos, fundou unha publicación mensual chamada *Spanish Home News* escrita en español. Tanto o xornal como a tenda puxeron a Adelina e a Manuel en contacto coa comunidade internacional do Washington dos anos 30 e 40 do século pasado. Ata o punto de se converter en “fontes” hispanas de referencia para a prensa local da época.

Ó contemplar e valorar o legado social e cultural dos Pena na capital de Estados Unidos resulta inevitable sentir unha enorme sorpresa e admiración. Do 4 de outubro de 1934 é a foto de Adelina e Manuel no xornal “Washington Herald”. Alí “Señora Adelina de Pena” opina sobre o ruído da cidade que máis lle molesta: o das motocicletas.

## A PRIMEIRA PUBLICACIÓN EN ESPAÑOL DE WASHINGTON DC.

Hai 60 anos, un 20 de novembro de 1944, apareceu a primeira publicación en español na área metropolitana de Washington: *Spanish Home*

<sup>1</sup> Director Xeral de *El Tiempo Latino*, a publicación en español de *The Washington Post*.



comienzo hoy a publicar mensualmente el *Spanish Home News*, cuyas columnas y servicios me complazco en poner a disposición de ellos. El *Spanish Home News* se ocupará especialmente en publicar noticias de los Pueblos iberoamericanos, de las actividades sociales y cívicas en Washington, artículos de escritores prestigiados internacionalmente, psicólogos, inspirados poetas, sociólogos e inventores, y proporcionar informes útiles al hogar, etc.”

*News*. Don Manuel Pena foi o seu fundador e director ata o último día, a primeiros da metade do século pasado. Tratábase dun tabloide, branco e negro con portada a cor, de 12,5 por 10 polgadas, editado en papel “glossy” de revista, con periodicidade mensual, pulcra e ordenada. De linguaxe solemne e florido por momentos, contaba con artigos de colaboradores, entre os que podía haber a firma dun senador ou dun membro do corpo diplomático. Proliferaban os perfís sociais e unha publicidade local centrada no sector servizos.

Nunha conversa que o xornalista Alfonso Aguilar publicou en *El Tiempo Latino* en 2004 coa viúva de don Manuel, Adelina López, esta asegura que ao seu home “gustáballe a poesía, a lectura”, que “tiña moitos amigos escritores e artistas” e que, entre eles e coñecidos dos corpos diplomáticos, axudaban para publicar a revista.

O logo de *Spanish Home News* combinaba varios símbolos: un globo terrestre onde prima o debuxo das Américas, a Estatua da Liberdade, un barco e un cepelín. E un lema: “*Periódico independiente deseoso de servir a los pueblos iberoamericanos*”.

“¿E vostede axudaba na revista?”, preguntoulle Aguilar.

Na portada da primeira edición (luns, 20 de novembro de 1944), Don Manuel explica as súas motivacións: “Con grandes deseos de testimoniar mi aprecio y gratitud al cuerpo diplomático, y sus familias, y a mis numerosos amigos de Washington y otras ciudades de la Unión Americana, y del extranjero, por un medio diferente del que me han conocido y dispensado su consideración personal durante muchos años,

“Axudaba, ás veces, coa páxina das modas; pero xa nin estou segura se axudaba ou non. Xa pasou moito tempo”, díxolle Adelina.

A publicación custaba 10 centavos, ofrecía subscricións por \$1.10 e como cortesía ós subscritores obsequiaba o Calendario Galván e un “picnic”. Vendíase en catro puntos da cidade: Thomas Circle 4, News Center, Hotel Cairo e na oficina de don Manuel, na rúa 17, onde o editor xa rexentaba un dos seus negocios máis exitosos, a Casa Pena.

#### QUEN ERA DON MANUEL PENA?

A edición do 31 de xullo de 1950 doutra revista hispana e pioneira, *Latinoamericana*, dedica a

portada a Don Manuel Pena, a quen denomina “Un embajador sin cartera”. Na foto amósase un home elegante cun bastón no que están gravados en ouro os nomes e días de nacemento das súas dúas fillas Adelina e Estrella e o do seu fillo Manuel.

Nas páxinas interiores publícase un perfil biográfico de Manuel Pena escrito por Robert A. Erwin. Segundo relata Erwin, don Manuel Pena era fillo dun veterinario de nome Fulgencio Pena. Creceu na Coruña (cerca de Ferrol, segundo especifica o texto) e con 20 anos emigrou aos Estados Unidos, previa estancia de seis meses en Cuba. A súa única experiencia laboral era o campo e dábase ben a xardinería. Segundo o relato biográfico, traballou como xardineiro para o presidente Theodore Roosevelt, e disque recibiu algunhas clases de inglés a cambio das prácticas de español que don Manuel lle ofreceu ó presidente. A mesma lenda indica que logo foi xardineiro da actriz Ethel Barrymore, e que coa súa filla, do mesmo nome, tamén exerceu de instrutor de español.

Pero como emigrante que identificou aos Estados Unidos como o seu paraíso, o mozo Manuel nunca pensou que o seu traballo no xardín —nin sequera ó servizo dun presidente— ía ser o terreo propicio para materializar os seus soños.


Por iso axiña comeza a abrir os seus propios negocios. En 1922 abriu en Nova York un negocio de importación e exportación de alimentos e bebidas. Pero esta cidade non acababa de satisfacer a Manuel. As repetidas viaxes de traballo que facía a Washington amosáronlle un terreo virxe no que el pensou que podía desenvolverse e crecer máis rapidamente que na Gran Mazá.

En 1932 queda a vivir en Washington. Un dos seus primeiros traballos foi nun garaxe onde estacionaban os seus autos políticos e diplomáticos. Segundo conta súa filla Adelina Callahan, nesta etapa cultivou amizades e moitas desas persoas influentes da política e da diplomacia serían logo clientes do seu negocio de alimentación e colaboradores da súa publicación.

Don Manuel estaba moi satisfeito con Washington, pero tamén se lamentaba na súa revista de que “En la capital falta recreación, entretenimiento y hospitalidad para con los iberoamericanos”.

Tanto a súa viúva como a súa filla contaron en entrevistas publicadas en *El Tiempo Latino* que don Manuel sempre andaba argallando novas iniciativas, novos negocios. Non chegaba cunha

tenda e logo cun restaurante, dado o que el definiu como “las escasas oportunidades económicas de los iberoamericanos... que también necesitan préstamos y dinero para urgencias”, don Manuel pensou en abrir un banco para hispanos.



Era un home inquieto, visionario, afable e social que sempre tiña as portas da casa abertas, explica a súa filla. “En nuestra casa siempre había muchas fiestas, mucha gente, jóvenes y viejos, ministros, embajadores y personas comunes que se enteraban que en casa de papá todos eran bien recibidos”, di Adelina Callahan desde os seus recordos dunha rapaza de 10 anos. “Algunos llegaban vestidos con trajes típicos, otros traían guitarras y mandolinas y otros sus cartas para jugar brisca”, engade.

Cara ó final da nota biográfica publicada en “Latinoamericana” dise que don Manuel era un fanático do panamericanismo. E crítico, segundo se desprende do editorial que Manuel Pena firma na portada de *Spanish Home News* (ano 2, xullo 1945) no que asegura que para conseguir un “iberoamericanismo verdadero no bastan espaciosas oficinas, ni derrochar millones de dólares ajenos pagando salarios a oficinistas estereotipados, ignorantes, pretenciosos y hasta irrespetuo-

sos con los pueblos iberoamericanos”. Esta é a receita de don Manuel: “son necesarias intenciones honradas, conocimiento de la idiosincrasia latinoamericana, diferencia personal verdaderamente democrática e ingenuos sentimientos”. Y a continuación se congratula de “la política de buena vecindad del Presidente (F.D.) Roosevelt”.

Ademais de establecer a Casa Pena, o restaurante *La Fonda* e unha ducia máis de empresas e iniciativas de carácter social, Manuel Pena escribiu un libro de cociña, publicou un almanaque (as primeiras *páxinas amarelas* en español dos Estados Unidos) e, cando o sorprendeu a morte, andaba coa teima de inaugurar unha biblioteca para a “colonia iberoamericana”.

Ollando as páxinas de *Spanish Home News* dos anos 40, os recortes de prensa do *Washington Herald* de 1934 coas fotos de Adelina e Manuel opinando da vida na cidade ou aconsellando ó lector como facer mellor a paella, e logo ó ler as notas que apareceron en inglés e en español cando Manuel Pena faleceu dun ataque ó corazón, o 6 de decembro de 1957, ós 59 anos de idade, un retoma con infinita saudade esta viaxe de emigrante, de galegos da diáspora que achegan un valor inmenso á sociedade na que se insiren.

Manuel Pena, “este caballero sincero, amigable y hospitalario”, como o definiu a revista *Latinoamericana*. É Adelina López, “la abuelita” que nunca deixou de sorrir, como a lembra a súa familia galega en Washington DC.